



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 05 DE XULLO DE 2021

### **1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.**

#### **Licenza obra maio.**

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar o PLAN DE DESPREGUE DA REDE FTTH ORANGE/JAZZTEL na CIDADE HISTÓRICA de SANTIAGO DE COMPOSTELA ( A CORUÑA) FASE 10, segundo proxecto, que conta cun orzamento de execución material de 26.543,86 euros.

A nova documentación correspóndese coa seguinte fase de execución do Plan de despregue da nova rede de fibra óptica no ámbito do plan especial, e contempla o tendido da rede FTTH de ORANGE no ámbito que se describe a continuación:

o Quinteiro da Rúa de San Pedro, Cruz de San Pedro, Ruela das Chufas e Campo do Forno.

o Quinteiro da Ruela das Chufas, Rúa Lagartos, Calzada de Sto. Antonio e Campo do Forno.

o Quinteiro da Calzada de Santo Antonio, Rúa da Trisca e Campo de Sto. Antonio.

o Quinteiro da Fonte de Santo Antonio, Concepción Arenal, García Blanco e Patio de Madres

o Quinteiro da Praza das Penas, Rúa de San Roque e Rúa do Hospitaliño

o Rúa dos Lagartos (núm. 1 a 25)

o Rúa da Trisca (núm. 1 a 14)

o Rúa Corredoira das Fraguas (núm. 66 - 84)

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/596/2020.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase conceder a Os Concheiros S.Coop Galega, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/01/2021 e a documentación 10/06/2021 e o 28/06/2021, a construción dun edificio de 12 vivendas na Rúa Berlín, 1 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 635.872,60 euros.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/923/2019.**

#### **Licenza de obra maior.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto modificado de data de visado do 15/04/2021, a rehabilitación de edificacións existentes e ampliación en Lg Pardiñas 16 Santiago de Compostela ( A Coruña).

#### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000453H.**

##### **Licenza de segregación.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- ACEPTAR a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 31 de maio de 2021 outorgada ante notario, co número de protocolo mil quinientos sesenta e cinco.

A parcela de cesión conta con 121,95m2s. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme segundo o proxecto presentado o 06/11/2020 e a documentación presentada o 07/06/2021, a segregación da finca situada na Rúa Vencello 26 Santiago de Compostela ( A Coruña, nas seguintes *PARCELAS DE RESULTADO*

▣ *Parcela RESULTADO FINCA SEGREGADA. Superficie Neta 878,20 m2. Sólo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.*

*Lindes:*

▣ *Parcela RESULTADO FINCA MATRIZ. Superficie Neta 889,23 m2. Sólo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.*

#### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002246N.**

##### **Licenza de parcelación.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- ACEPTAR a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 23/03/2021, outorgada ante notario, co número de protocolo catrocentos trece. As parcelas cedidas contan con 70,93 metros e 29,37 metros cadrados, respectivamente. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto asinado na data 02/11/2020, o parcelamento de parcelas situadas na Rúa do Morcego. Lugar de Outeiro. Los Tilos Santiago de Compostela ( A Coruña), nas seguintes *PARCELAS DE RESULTADO*

##### **Parcela Resultado A**

Superficie Neta 969,31m2s (Cesión 70,93m2s e Superficie bruta 1.040,24m2s). Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.

##### **Parcela Resultado B**

Superficie Neta 644,92m2s (Cesión 29,37m2s e Superficie bruta 674,29m2s). Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 1.714,53m2s) sen perxuízo das consecuencias rexistradas que elo conleve para o interesado.

#### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2065/2019.**

##### **Rexeitar recurso de reposición.**

Acórdase:

Primeiro : Rexeitar o recurso de reposición interposto por un particular contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 19 de abril de 2021, xa que segundo o informe da arquitecta municipal do 01/06/2021, as alegacións presentadas non desvirtúan os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en todos os seus termos.

Segundo: Rexeitar solicitude de suspensión da execución do acordo recurrido, pola non concurrencia das circunstancias sinaladas no artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que logo, levantar a

suspensión producida automáticamente ao beiro do disposto no apartado terceiro do citado artigo.

#### **7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00001173C.**

##### **Licenza obra maior.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 04/11/2020 , outorgada ante notario co número de protocolo mil oitocentos cincuenta e catro .

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 04/11/2020, a execución dunha vivenda unifamiliar na Travesía de San Marcos 4 Santiago de Compostela ( A Coruña) cun orzamento de execución material de 150.451,23 euros.

#### **8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1574/2019.**

##### **Licenza obra maior.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 26/05/2021, outorgada ante notario, co número de protocolo trescentos tres. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 11/09/2019, a legalización de edificación auxiliar situada no Lg Barral, 33 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 8.000,00 euros.

#### **9. ARQUEOLOXÍA. Referencia: XOB/541/2018.**

##### **Aprobación da certificación Nº 4 - final das obras de acondicionamento interior do xacemento do Castelo da Rocha Forte.**

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 4 - final, das obras de ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XACEMENTO DO CASTELO DA ROCHA FORTE emitida por OBRAS GALLAECIA, S. L. por importe de 6.313,99 euros.

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/134/2006.**

##### **Revisión IPC local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende 6-8 baixo, destinado a oficinas municipais (Contratación), con D. Manuel Santos Santos.**

Acórdase proceder a revisión do IPC da renta do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación), segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre xuño de 2014 e maio de 2021, que supón un incremento relativo do 5,5 %, quedando fixado o prezo do contrato dende o 15 de xuño de 2021 no importe mensual de 937,67 euros, IVE incluído.

O gasto de incremento para o ano 2021 IVE incluído é de 319,55 euros e irá con cargo á partida do orzamento municipal nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/135/2006.**

##### **Revisión do IPC da renta do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación), propiedade de Dna. Pilar Caridad Rivas Fernández.**

Acordase proceder a revisión do IPC da renta do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación), segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre maio de 2014 e maio de

2021, que supón un incremento relativo do 5,5 %, quedando fixado o prezo do contrato dende o 15 de xuño de 2021 no importe mensual de 1.052,52 € IVE incluído.

O gasto de incremento para o ano 2021 (15/xuño/2021 ata 31/décembro/2021) IVE incluído é de 358,48 € e irá con cargo á partida do orzamento municipal nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

#### **12. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/22/2019.**

**Corrección erro acordo da Xunta de Goberno de data 28-xuño-2020, Núm. 22, relativo a adxudicación do contrato denominado Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer MARÍA MIRAMONTES.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 22 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 28 de xuño de 2021 de xeito que :

Onde dí:

*“Anualidade 2021: 63.453,40 euros*

*Anualidade 2022: 56.584,58 euros”*

Debe dicir:

*“Anualidade 2021: 63.453,40 euros*

*Anualidade 2022: 68.588,38 euros”*

#### **13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020199V.**

**Aprobación da modificación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas da Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela.**

Apróbase a modificación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas da “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela”, resolvendo as discrepancias detectadas, abrindo de novo prazo de presentación de ofertas.

As emendas realizadas non afectan ao tipo de licitación que se mantén en 165.289,26 euros IVE aparte, nin as condicións de financiamento.

#### **14. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/32/2012.**

**Devolución fianza Obras de Pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Barciela e Polveira (Barciela), incluídas no POS 2012 da Excma. Deputación Provincial da Coruña**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA.CIF: A15352735, por importe de 2.962,31 euros, para responder do contrato de “Obras de Pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Barciela e Polveira (Barciela), incluídas no POS 2012 da Excma. Deputación Provincial da Coruña”. CON/32/2012.

#### **15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/127/2010.**

**Devolución de fianza Obras de Reforma do campo de fútbol de BELVÍS.**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A., por importe de 5.035,44 euros para responder do contrato de “Obras de Reforma do campo de fútbol de BELVÍS” . CON/127/2010

#### **16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00023138N.**

**Aprobación do expediente denominado Execución das obras do proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi e a apertura do procedemento de adxudicación.**

Apróbase o expediente denominado “Execución das obras do proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi”, e acórdase abrir o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 113.805,09 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 23.899,07 euros. O importe total é de **137.704,16 euros**.

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040-93300-6230000 / 2021 2 RAXOI 21, tramitándose este expediente como anticipado de gasto e quedando condicionado a formalización de préstamo.

#### **17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029706W.**

**Reaxuste de anualidades do contrato relativo á prestación do servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2018-2020). CON 24 2018.**

Con data 17/07/2019 o Concello de Santiago de Compostela subscribiu o contrato do “*Servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2018-2020)*” coa empresa Alcomte Galicia, S.L. por un importe (base imponible) de 652.892,56€ e IVE aparte (21%) de 137.107,44 € o que supón un importe total de **790.000,00 €**.

O acordo de adxudicación preveu, que o gasto necesario financiaríase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 21000/19, reservando as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e quedando condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

☑ Anualidade 2019: 395.000,00€.

☑ Anualidade 2020: 395.000,00€.

No obstante, a acumulación de carga de traballo nos distintos departamentos municipais con competencia na tramitación da licitación e adxudicación do expediente derivou nunha demora acumulada no mesmo, que determinou que esta distribución inicialmente prevista non se axustara finalmente á realidade do contrato, que finalmente iniciou a súa prestación con data 22/07/2019.

**Polo tanto acórdase** reaxustar as anualidades, adaptándoas á realidade do prazo de execución definitivo do contrato e das certificacións emitidas nos anos 2019 e 2020, do seguinte xeito:

☑ Anualidade 2019: 243.647,75€ (certificacións n 1 a nº6).

☑ Anualidade 2020: 388.399,24€ (certificacións n 7 a nº18).

☑ Anualidade 2021: 157.953,01€.

#### **18. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: MRU/5/2021.**

**Aceptación subvención AGADER Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (MR701E).**

Acéptase a subvención concedida por importe de **54.024,00 €**, equivalente a un 100,00 % de axuda respecto do orzamento aceptado, ao abeiro do “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022”, para o proxecto “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO AGRÍCOLA EN REQUESENDE (SABUGUEIRA)”.

#### **19. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018415G.**

**Bases III Premio Realía de tradución 2021.**

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria do III Premio Realía de tradución literaria.

2. Autorizar o gasto de 1.500 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2020 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

O obxectivo do Premio Realía de tradución é contribuír ao agrandamento do sistema literario galego e da oferta de lectura coa incorporación de autores internacionais traídos ao galego. O premio vai destinado ás traducións de obras de autores que non teñan traducións ao galego de narrativa escritas outras linguas que non sexan nin castelán nin portugués. O premio está dotado con 1.500 € e conleva a publicación da obra na Editorial Hugin e Munín e para tal fin subscribíse convenio coa editora.

## **20. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00012944F.**

### **Transmisión da licenza número 48 de taxi.**

1º.- Acceder ao solicitado e autorizar a transmisión da licenza de taxi número 48 deste Concello, solicitada por unha particular, por falecemento do seu pai titular legal da mesma.

2º.- Conforme ao disposto no artigo 17.5 da Lei 4/2013, citada, a transmisión da licenza estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular, que no prazo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última debe´ra dar inicio efectivo ao exercicio da actividade.

## **21. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 460/2021-JMA.**

### **Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Galicia Obra Social relativo a nova Edición do Programa Cubertos.**

Dase conta da sinatura do citado convenio, mediante o cal, o concello de Santiago de Compostela colaborará con Afundación no desenvolvemento da nova edición do programa Cubertos. Esta colaboración consistirá en:

1. Facilitar a Afundación o número de beneficiarios dos menús a subministrar, á vista das necesidades informadas polos Servizos Sociais municipais. Dito número será concretado entre as partes, estimándose un máximo de cen beneficiarios.

Colaborar no bo desenvolvemento e execución da nova edición do Programa Cubertos de Afundación, en particular coas empresas coas que Afundación contrate a estes efectos.

A colaboración de Afundación consistirá en:

Pór a disposición dos correspondentes beneficiarios, de balde, o número de menús a subministrar.

O convenio estará vixente desde o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2021. Non obstante, as partes poderán finalizar dita vixencia e efectividade anticipadamente ou pactar a súa prórroga.

## **22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00029740J.**

### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 25 de xuño a 1 de xullo de 2021.

## **URXENCIAS**

### **23. Adxuícación do contrato “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4ª LCSP” (CON/70/2020)**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COREGAL PARQUES E XARDINS, por un importe de **370.260 euros** (306.000 euros IVE aparte 21%: 64.260 euros), sendo a súa oferta a única presentada e cumprindo os requirimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete a subministración de 3.500 uds de Iris sp en maceta de 14-16, 5.000 uds de Bulbo de inverno (narcisos, tulipa, crocus, etc..), 4.000 uds de Impatiens (guineana) en maceta de 10-14 e 7.500 uds de Primulas en maceta de 10-14.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato, que se imputará á aplicación orzamentaria **020 17100 2279902** (emendando así o erro material recollido no inicio do expediente que imputaba o gasto a aplicación 020 17100 2279900), reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades, constando para esta nova distribución axustada á realidade do servizo a conformidade da empresa contratista, e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 61.710 euros.

Anualidade 2022: 123.420 euros.

Anualidade 2023: 123.420 euros.

Anualidade 2024: 61.710 euros

#### **24. Aprobación das bases da convocatoria da “XIII edición dos Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación da calidade educativa e da renovación pedagóxica. 2021/00027303Z.**

Acórdase:

1.- Aprobar as bases da convocatoria da XIII edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega.

2.- Imputar os gastos derivados desta convocatoria á partida económica 080 32600 4890100 dos orzamentos do ano 2021.

Os Premios Educacompostela, convocados polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega, naceron co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir públicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica.

- A temática desta XIII edición será libre tal e como se recolle nas bases.
- Os prazos para presentar os traballos serán dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 8 de outubro de 2021.
- O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para a súa publicación.
- O gasto relativo ao Premio Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, dos orzamentos do exercicio 2021, cumprindo todos os requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas bases de execución.

Os premios terán unha contía de:

*Primeiro premio: 1.200,00 €*

*Segundo premio: 900,00 €*

*Terceiro premio: 600,00 €*

- **TOTAL 2.700,00**

#### **25. Expedientes de contratación procedentes de AUPAC. Prorroga de contratos.**

Acórdase prorrogar o contrato suscrito coa empresa ALCOMTE GALICIA SL para a prestación do servizo para a execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela (2018-2020), polo prazo de dous anos a contar dende o 22 de xullo de 2021.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 2100001**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 245.000 euros.

Anualidade 2022: 395.000 euros.

Anualidade 2023: 150.000 euros.

#### **26. Dación de contas da SENTENZA nº 172/2021.**

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra inactividad respecto reclamación de pagamento de facturas intereses de demora e custos de cobro.

Contía: 1.681,09 euros

Dáse conta da sentenza nº 172/2021 do 04.06.2021 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela ditada no PA 47/2019.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Non entanto ao constar xa aboado o principal, o obxecto da litis redúcese aos intereses de demora e aos custos de cobro, a cuxo aboamento se condena ao concello.

Recursos: Contra dita sentenza non cabe interponer recurso ningún. Imponse ao concello as custas, cunha limitación de 400 euros.

Tómase coñecemento da sentenza 193/2021 do 4 de xuño de 2021, e acórdase darlle traslado ao servizo de obras e proxectos e del Intervención para os efectos do seu coñecemento e de realizar as actuacións correspondentes para a súa execución.

#### **27. Dación de contas da SENTENZA RSU 3363/2020 TSX**

Obxecto: fraude de lei no contrato laboral de interinaxe. A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

Como relata a sentenza -copia da de instancia- a demandante asinou vai anos contratos laborais por obra ou servizo, nos que consta acreditado que realizou funcións de carácter permanente e estrutural incompatibles con dita modalidade contractual. Sen embargo, o vínculo laboral rómpese co nomeamento posterior como funcionaria interina; suposto no que, de existir fraude, o seu coñecemento sería competencia da orde contenciosa, non da social.

Na demanda denunciábase un fraude e un abuso na contratación laboral, de xeito que o contrato pasase de ser por interinaxe a "indefinido non fixo". A efectos prácticos, a única diferenza é que, de non obter a praza, no primeiro suposto non habería dereito a indemnización -aínda que neste punto a xurisprudencia do Tribunal Supremo non é uniforme-; mentres que no segundo habería dereito, se ben a contía que ordena o Supremo tampouco e unívoca.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación.

Tómase coñecemento da sentenza, e acórdase non interpoñer recurso de casación e remitila ao Servizo de Persoal para a súa execución.

#### **28. Dación de contas da SENTENZA nº 193/2021**

Obxecto: Recurso contencioso – administrativo contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo por pasar encima dunha fochanca.

Contía: 424,23 euros

A sentenza é favorable aos intereses municipais, ao estimar as alegacións da defensa do concello relativas á que: as fotografías do atestado non evidencian a existencia de fochanca ningunha, nin o deterioro do pavimento, que os feitos ocorreron a plena luz do día e que cunha conducción atenta o sinistro puidera terse evitado. Ao non quedar acreditada a esixida relación de causalidade, a sentenza desestima o recurso.

Recursos: Contra dita sentenza non cabe interponer recurso ningún. As custas impóñense á parte actora.

Tómase coñecemento da sentenza, e acórdase darlle traslado á Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.



### **29. Dación de contas da SENTENZA nº 201/2021**

Obxecto: Recurso contencioso – administrativo contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo por pasar encima de tapa da rede de sumidoiro mal colocada.

Contía: 2.429,43 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, ao considerar acreditados a existencia e contía dos danos e estimar o recurso contencioso-administrativo interposto, recoñecendo o dereito de Mapfre España S A a ser indemnizada na cantidade de 1.829,43 euros, e o de Panadería Mimos S L na cantidade de 600 euros xunto cos intereses legais correspondentes dende a data da reclamación en vía administrativa.

Recursos: Contra dita sentenza non cabe interpor recurso ningún.

Custas: Impóñense ao concello cunha limitación de 300 euros.

Tómase coñecemento da sentenza, e acórdase darlle traslado á Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento e de que realice os trámites oportunos coa mediadora de seguros para os efectos do seu cumprimento.

### **30. Dación de contas da sentenza 172/2021**

Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 e A2-22 no exercicio 2019.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Cada ano presenta demanda por diferenzas retributivas polas funcións que di realizar.

Xamais presentaron demanda de reclasificación profesional, nin teñen instado un proceso de revisión do posto en vía administrativa porque, de ser certas aquelas funcións, a promoción ao grupo A precisaría un proceso con exercicio eliminatorio.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de suplicación.

Tómase coñecemento da sentenza, e acórdase interpór recurso de suplicación, así como remitila ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

### **31. Convalidación da OFI e recoñecemento da débeda pola factura 2021/1496 de CESP.A.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 278.804,05 euros, a favor de CESP.A, S.A., en concepto de “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo urbano correspondente ao mes de FEBREIRO de 2021”.

Terceiro .- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **32. Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento da débeda.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 278.804,05 euros, a favor de CESP.A, S.A., en concepto de “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo urbano correspondente ao mes de MARZO de 2021”.

Terceiro.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **33. Convocatoria para o outorgamento de novas autorizacións de venda ambulante**

A Xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente do día 28.6.2021 acordou o outorgamento de autorizacións de venda de artesanía na vía

pública a diferentes solicitantes entre os que non se atopaba un dos solicitantes, dado que non aportara o xustificante de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Con data do 29.6.2021 o citado solicitando presenta o xustificante de alta no IAE, no que se comproba que a data de alta no citado imposto é do día 2.6.2021, por tanto anterior ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Á vista de canto antecede, e tendo en conta que quedan espazos libres dos definidos para a venda de artesanía pola Xunta de Goberno do día 11 de maio de 2021 acórdase outorgarlle a autorización para o exercicio da venda de artesanía na vía pública (Praza da Inmaculada).

Esta autorización está condicionada á presentación do xustificante de pago da taxa municipal no prazo de 15 días hábiles.

O concello resérvase a potestade de cambiar a ubicación ou suprimir os postos, previa comunicación aos titulares autorizados, ante a concurrencia de circunstancias excepcionais ou de interese xeral que o fixesen necesario. Neste senso, atendendo ás peticións dos titulares de establecementos comerciais das zonas próximas e á vista de que o número de solicitudes é moi inferior aos espazos previstos, propónse a seguinte distribución de postos:

5 postos na Praza da Inmaculada

8 postos na Rúa Salvador Parga

3 postos na Praza de Cervantes

1 Posto na Praza de Fonseca (fotógrafo)

Con carácter previo á instalación do posto deberá poñerse en contacto co departamento de Servizos Básicos.

#### **34. Acceso ao expediente CON/31/2020 de “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Concello de Santiago de Compostela”**

Acórdase:

Aceptar a declaración de confidencialidade nos termos efectuados polos licitadores respecto da documentación técnica que forma parte das súas respectivas ofertas.

2. Atender a petición de ACCIONA, membro da UTE MANTENIMIENTO JARDINES SANTIAGO DE COMPOSTELA, e darlle acceso para o seu exame e toma de notas á documentación técnica da oferta presentada por CESPAS COMPANHÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS e declarada como non confidencial por esta na súa oferta técnica:

Poderá ter acceso a dita documentación o día 6 de xullo de 2021 ás 10 horas no Servizo de Contratación do Concello radicado na rúa Presidente Salvador Allende, número 6-8 baixo, sen prexuízo de sinalar outro día e hora a petición dos interesados.

#### **35. Aprobación do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela, cunha contía de **120.000** euros.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800012, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

#### **36. Aprobación do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS).**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS), por un importe de **6.000** euros.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800007, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

### **37. Aprobación do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar do texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO, por un importe de **45.000 euros**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800020, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

### **38. Préstamo temporal de bens a entidades públicas para fins culturais.**

Antecedentes. A Biblioteca Nacional de España solicitou o préstamo temporal do óleo "Peregrinos", de Xosé Corredoira (1945), para ser incluído na exposición "Xacobeo. Las huellas del camino". Así mesmo, solicitou autorización para reproducir a referida obra na gráfica e no catálogo da exposición, no pasquín e nas web desa institución e da Fundación Cidade da Cultura. A exposición desenvolverase na Sala Recoletos da Biblioteca Nacional entre o 10 de novembro de 2021 e o 6 de febreiro de 2022 e no Museo Centro Gaiás do 11 de marzo ao 29 de maio de 2022.

Acórdase:

Autorizar a cesión temporal (préstamo temporal) do óleo "Peregrinos", de Xosé Corredoira (1945), así como a súa reprodución nos medios solicitados.

Segundo. A cesión temporal do ben suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

- A obra que se presta unicamente poderá destinarse á súa exhibición na exposición "Xacobeo. Las huellas del camino". Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.
- O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.
- O cesionario temporal dos bens responsabilizarase de entregar e recoller os bens, comunicándollos ao concello e garantirá a adecuada conservación dos bens cedidos e responderá da súa seguridade e vixilancia.
- O cesionario temporal do ben deberá aseguralo durante o período de vixencia do préstamo temporal.
- Durante a exposición do ben que se presta farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela